

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ITINERARIO GASTRONÓMICO E PARA OUTRAS ACTUACIÓNS QUE CONTRIBÚEN Á PROMOCIÓN E MANTEMENTO DO CAMIÑO FRANCÉS.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidade de concellos galegos do Camiño Francés o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 28 de febreiro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés (en diante Mancomunidade) para as seguintes actuacións:

- Actuación 1. Desenvolvemento dun itinerario gastronómico polo Camiño Francés, a través da organización dunhas xornadas gastronómicas a desenvolver nas fins de semana dos meses de outubro a xaneiro, segundo o detalle que se establece no Anexo que se xunta a este convenio.

- Actuación 2. Adquisición pola Mancomunidade dun coche que permita percorrer o Camiño para comprobar o seu estado de conservación, así como detecte calquera posible incidencia que poida xurdir no seu trazado.

- Actuación 3. Contratación dun técnico superior en información e comercialización turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado que desenvolva, entre outras, as seguintes actuacións para a Mancomunidade: desenvolvemento destino SICTEC;



uniformización das ordenanzas locais relativas a temas como venta ambulante, embelecemento ou sinalización; desenvolva tarefas de xestión para a Mancomunidade, ou calquera outra que contribúa á realización do obxecto da Mancomunidade e a promoción e posta en valor do Camiño Francés.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

**Primeiro.-** O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

**Segundo.-** A Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés abrangue todos os concellos desde que o Camiño de Santiago entra en Galicia ata o límite con Santiago de Compostela.

Nos seus Estatutos, publicados por Resolución do 6 de xullo de 2001, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se dispón a publicación dos mesmos no DOG (DOG núm. 155, do 10 de agosto de 2001), establecece como fins iniciais da mancomunidade os seguintes: conservación e mellora do camiño, promoción do dito



camiño dentro e fóra da comunidade, deseño e execución de plans de actuación, dinamización sociocultural do camiño e defensa do camiño.

**Terceiro.-** A Mancomunidade e a Axencia Turismo de Galicia están interesados en colaborar para a revalorización do Camiño Francés, un bo estado de conservación, así como a súa proxección e posta en valor da súa gastronomía, así como contribuír a desestacionalización, xa que a maior afluencia de peregrinos e turistas ten lugar na primavera e no verán.

Que a través deste convenio, outórgase á Mancomunidade de concellos galegos do Camiño Francés unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Elena Barca Ramos

